

A identidade gramatical da prefixación nas gramáticas históricas do portugués e do galego¹

Xoán López Viñas
Universidade da Coruña

Nós não somos do século de inventar as palavras. As palavras já foram inventadas. Nós somos do século de inventar outra vez as palavras que já foram inventadas.
(Almada Negreiros, “Nós e as palavras”, *Invenção do Dia Claro*, Lisboa, 1921).

1. Introducción

En diversos estudos lingüísticos, a prefixación vén ocupando un lugar polémico canto á súa identidade gramatical, xa que aparece incluída tanto nos procesos de derivación como nos de composición. A mesma situación dáse nas gramáticas históricas do portugués e do galego², en que a pertenza a un ou outro proceso varía segundo o autor e non atende a períodos cronolóxicos, escolas lingüísticas ou territorios.

1 Este traballo é un resultado parcial do labor desenvolvido durante unha estada de investigación de tres meses (de 21/09/2009 a 21/12/2009) realizada no Departamento de Lingüística da Facultade de Ciéncias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa. Para esta estada, ao autor foille concedida unha bolsa do *Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-Incite (2006-2010)* da Dirección Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia.

2 Abordamos en primeiro lugar as gramáticas históricas do portugués por seren cronologicamente anteriores á primeira gramática histórica galega, de 1909.

A esta indeterminación identitaria da prefixación acrécentase a formación de palabras con bases gregas ou latinas (ou “temas”) que, de igual modo, aparecen vinculadas quer á derivación, recibindo na actualidade o nome de “neoprefixos” ou “prefixoides”, quer á composición, chamados “neocompostos”.

Deste modo, ao longo destas páxinas analizaremos este proceso formador de palabras nas gramáticas históricas do portugués, elaboradas tanto no espazo portugués como no brasileiro, e nas do galego. Porén, antes de máis, cómpre contextualizarmos que se entende por gramática histórica e, consecuentemente, imos explorar cales son as obras que se encadran baixo este binomio. Logo desta reflexión previa, en que fixaremos de modo provisorio o corpus histórico-gramatical, examinaremos unicamente aquelas obras que tratan o fenómeno da prefixación, que é o núcleo fundamental do presente artigo, xa que non se aborda en todas as gramáticas históricas.

2. Concepto de “gramática histórica”

Talvez sexa necesario revisar o concepto de “gramática histórica”, como recentemente indicou Wulf Oesterreicher (2007)³, mais para a elaboración deste traballo, así como para o establecemento do corpus de gramáticas históricas existentes, é preciso partir de parámetros tradicionais, xa que a maioría das gramáticas históricas tiveron a súa creación nos inicios do século xx, de maneira que recibiron as teorías dos comparativistas e neogramáticos, principalmente, alén dos estruturalistas.

Como é sabido, o descubrimento do parentesco do sánscrito co latín e o grego supuxo o reactivo, cal reacción química, para o estudo dos primeiros traballos de Lingüística Histórica. Do confronto entre esas linguas, xunto coa persa e a alemá, xurdiu a gramática comparada en 1816 da man de Franz Bopp e, seis anos despois, a gramática histórica con Jacob Grimm, centrada na lingua alemá (Yllera 1983: 345-346). En consecuencia, o punto de partida da lingüística histórica, así como da gramática histórica, sitúase nos inicios do

3 Para este autor, a concepción tradicional de gramática histórica non é válida e expón unha nova proposta na cal o aspecto lingüístico debería estar combinado coas tradicións discursivas, co espazo variacional e co contacto entre linguas.

século XIX, aínda que anteriormente houbera intentos illados⁴, e ambas nacen asociadas ao comparativismo. A partir dese momento, comezan a aparecer diversas gramáticas históricas, como a de F. Diez, que a mediados do século XIX (1836-1844) sintetiza o método comparativo de Bopp e o aspecto histórico de Grimm, ou a do neogramático W. Meyer-Lübke, que atravesaba os séculos XIX e XX (1890-1906). Nesta época intersecular tamén se produce o apoxeo das gramáticas históricas do portugués (que tiveron como referencia fundamental as gramáticas deses dous autores), así como doutras linguas románicas, auxe a que se incorpora igualmente o galego con V. García de Diego (1909)⁵.

Tórnase obrigado, por tanto, aplicar, para a análise e estudo das gramáticas históricas, primordialmente as máis antigas, a definición tradicional de “gramática histórica”⁶, que extraemos do xa citado traballo de Oesterreicher:

En principio, la ‘gramática histórica’ se definió en el marco de la lingüística histórico-comparativa como estudio diacrónico de todos los niveles del sistema gramatical de una lengua particular, o también de una familia de lenguas. [...] La gramática histórica persigue poner en relación diferentes etapas de la evolución gramatical de una lengua así como presentar, y, si es posible, explicar, los cambios que han tenido lugar en la fonología, la morfología y la sintaxis e incluso reconstruir, hipotéticamente, formas lingüísticas no documentadas. (Oesterreicher 2007: 109).

4 Con todo, é necesario puntualizar que hai certos precedentes illados do comparatismo desde o século XVI, mais esta corrente non xerminou como disciplina científica até o século XIX (Yllera 1983: 346).

5 Sorprende, curiosa e gratamente, o feito de o galego se unir aos estudos de gramática histórica practicamente á par das outras linguas románicas, como a portuguesa, xa que o galego, como sabemos, se incorporou serodiamente ao estudo gramatical sincrónico. Con todo, é común a exigüidade de manuais e o uso diglósico do español como lingua vehicular do volume, mentres o galego serve de fonte dos exemplos.

Para unha visión xeral da tradición gramatical galega, véxase Sánchez Rei (2005: 93-121).

6 Situación diferente é, de se crear unha nova gramática histórica, como debería abordarse e cal debería ser a súa estrutura, principalmente tendo en consideración os últimos estudos que incorporan achegas da xeografía lingüística, da psicolingüística ou da sociolingüística.

Esta definición débemola enriquecer co ensaio provisorio sobre gramáticas históricas románicas do ucraíno Yakov Malkiel, un clásico no estudo da gramática histórica como disciplina, que na década de 60 chamaba a atención para que a gramática histórica encamiñase unha nova orientación⁷, e, ao mesmo tempo, enunciaba os principios necesarios dunha gramática histórica:

A historical grammar may be defined as a formal arrangement of strictly linguistic data pertaining to structure rather than to the lexicon and viewed in diachronic perspective; that is to say, it presupposes at least two parallel sets of forms separated by a sufficiently extended period of time for sharply marked contrasts between corresponding forms to have crystallized, if not in every instance, at least on a considerable scale. [...] Every historical grammar is, by definition, comparative, the minimum comparison residing, we recall, in a point-by-point confrontation of two successive, reasonably distant stages of the same language. (Malkiel 1968: 72-73).

Tomando como base esta definición, tanto Martins (1996) como Caetano (2003), confeccionan, con certas diferenzas, o inventario de gramáticas históricas. Ana Maria Martins, nunha comunicación presentada ao *XI Encontro da APL* (1995), contempla un total de 17 obras “de maior fôlego e ambição; elaboradas visando a comunidade científica” (Martins 1996: 56), en contraposición ás “gramáticas didácticas” e a varios monográficos sobre diacronía, non atribuíveis ao rótulo “gramática histórica”.

Pola outra parte, María do Céu Caetano (2003), na súa excelente tese de doutoramento, infelizmente inédita, en que estuda a Formación de palabras nas gramáticas históricas, centrándose fundamentalmente na sufixación, examina os artigos de Malkiel e de Martins e reelabora o corpus de gramáticas históricas, cifrado en 18 obras. Porén, o repertorio de Caetano difire en certos aspectos

7 “The prospects of revival are today less break than they were thirty years ago. Now that the novelty of straight descriptivism has begun to wear off, now that lexicocentric linguistic geography certainly is past its peak, a golden opportunity cannot be made good through an unimaginative return to past practice. To be reactivated, historical grammar must move in the direction of general glottodynamics, not only away from de cloggy detail and toward a more coherent integration of the whole, but at the same time ever closer to the establishment of truly evolutionary -beside essentially static- categories of transmutation” (Malkiel 1968: 147-148).

do de Martins, ao non concordar coa exclusión das gramáticas “didáticas” e co inherente cientifismo que deben posuír, ao que hai que engadir o simple nominalismo (“elementar”, “noções”, “pontos”...), pois a inserción no rango “gramática histórica” non depende de que a obra leve este cualificativo, senón que a concepción latente no libro (moitas veces manifestada nos prólogos), a estrutura e o tratamento, sexan os “proprios” dunha gramática histórica.

Á vista do anterior, cremos necesario trazar un punto de encontro entre as dúas propostas das investigadoras portuguesas e a definición tradicional, enriquecida coa de Malkiel. Deste modo, propomos unha serie de características que debe posuír unha gramática histórica tradicional. Así, tratarase dun estudo diacrónico das disciplinas básicas do sistema gramatical, exento de enfoque comunicativo, en que haberá unha comparación mínima de dous estadios lingüísticos, tratados con amplitude e profundidade (“breath and deep”, Malkiel 1968: 73-83). A estrutura e método da obra responderá a un parámetro comparativo e terá unha finalidade gramatical con teor histórico, sen necesariamente estar enfocada a un público “científico”.

Con base nisto, reestruturaremos o catálogo de gramáticas históricas do portugués, alén de incorporarmos as galegas. Non obstante, para a análise da prefixación, imos seleccionar no corpus xeral só aquelas que teñan este proceso morfolóxico.

En consecuencia, o acervo histórico-gramatical do portugués está constituído nun principio por 20 gramáticas, elaboradas tanto no territorio portugués como no brasileiro (sendo neste onde encontramos máis obras saídas do prelo), encanto o do galego consta unicamente de dúas gramáticas históricas. O marco temporal en que se desenvolven estas obras abrangue o arco de 1876 a 1975, para o portugués, e de 1919 a 1997, no caso do galego.

I. Gramáticas históricas da lingua portuguesa⁸:

1. [1876] Teophilo Braga: *Grammatica Portugueza Elementar*.

8 Colocamos, en primeiro lugar, a data da primeira publicación entre corchetes e, a seguir, a última edición que consultamos e que foi corrixida en vida do autor, excepto casos puntuais. No caso de existir unha única tirada, esta vai igualmente entre corchetes.

2. [1878] Carl von Reinhardstoettner: *Grammatik der Portugiesischen Sprache*.
3. [1878] Manuel Pacheco da Silva Júnior: *Grammatica Historica da Lingua Portugueza*.
4. [1884] (1906²) Jules Cornu: *Grammatik der Portugiesischen Sprache*.
5. [1887] (1913⁴) Pacheco da Silva Jr. e Lameira de Andrade: *Grammatica da Lingua Portuguesa*.
6. [1900] António Garcia Ribeiro de Vasconcelos: *Grammática Histórica da Língua Portuguêsa*.⁹
7. [1916] (1935⁹) Eduardo Carlos Pereira: *Grammatica Historica*.
8. [1916] (1937⁸) Othoniel Mota: *O Meu Idioma*.
9. [1917] Hermínio Sarmiento: *Gramática Histórica e Comparativa da Língua Portuguesa*.
10. [1919] (1930²) José Joaquim Nunes: *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa. Fonética e Morfologia*.¹⁰
11. [1929] Antenor Nascentes: *O Idioma Nacional. Vol. IV*.
12. [1930?] (s.d.³) Brant Horta: *Noções de Gramática Histórica da Língua Nacional*.¹¹
13. [1931] (1964³) Manuel Said Ali: *Gramática Histórica da Língua Portuguesa*.
14. [1933] (1986) Joseph Huber: *Gramática do Português Antigo*.
15. [s.d.] (1937²) Jaime de Sousa Martins: *Elementos de Gramática Histórica*.

9 Para datarmos esta gramática, establecemos o ano que aparece impreso no prólogo, xa que a edición carece de tal referencia ora no inicio, ora no final do volume.

10 Seguimos a 2.^a edición por ser a última corrixida en vida polo autor.

11 A data estimada de 1930 para a primeira edición é proposta por Caetano (2003: 20, n.1), a se basear na "Impressão de Leitura" (que aparece na 2.^a e 3.^a edicións) de João Ribeiro, que fai referencia ás gramáticas anteriores de Pereira [1916] e Nascentes [1929], sen facer alusión á de Ali [1931]. Alén disto, é necesario indicar a significativa mudanza titular da 2.^a edición da obra para a 3.^a, xa que as *Noções de Gramática Histórica da Língua Portuguesa* convértense en *Noções de Gramática Histórica da Língua Nacional*, talvez influenciado pola importancia alcanzada da obra de Nascentes, que en 1943 é impresa por terceira vez, desde a primeira de 1929.

16. [1938a] (1959³) Francisco Júlio Martins Sequeira: *Gramática Histórica da Língua Portuguesa*.
 17. [1938b] Francisco Júlio Martins Sequeira: *Gramática de Português*.
 18. [1938] (1973⁶) Ismael de Lima Coutinho: *Pontos de Gramática Histórica*.¹²
 19. [1938] (1961) Edwin B. Williams: *Do Latim ao Português. Fonologia e Morfologia Históricas da Língua Portuguesa*.
 20. (1975) Joaquim Mattoso Câmara: *História e Estrutura da Língua Portuguesa*.
- II. Gramáticas históricas da lingua galega:
21. [1909] (1984) Vicente García de Diego: *Elementos de gramática histórica gallega*.
 22. [I: 1995; II: 1997] (I: 1999⁴; II: 2001²) Manuel Ferreiro: *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe; II. Lexicoloxía*.

No repertorio portugués, hai unha serie de gramáticas en que as dúas autoras citadas coinciden, como as de Braga, Silva Jr., Vasconcelos, Pereira, Nunes, Horta, Ali, Huber, Martins, Coutinho, Sequeira [1938a] e Câmara. As gramáticas de Cornu e Williams son inventariadas por ambas, mais non forman parte do corpus de estudo de Caetano por non trataren a Formación de palabras. De igual modo, Martins considera tres gramáticas históricas, a de Nascentes, Coelho e Sá Nogueira, das cales Caetano rexeita estas dúas últimas por trataren só a Fonética. No lado contrario, só Caetano inclúe a Reinhardstoettner, Silva e Andrade, Leite de Vasconcelos, Sequeira [1938b] e Michaëlis de Vasconcelos. Porén, ningunha delas fai referencia á de Herminio Sarmiento.

En consecuencia, as 22 gramáticas que mencionamos adáptanse a eses parámetros que expuxemos. Canto á estrutura e postulados teóricos, é evidente que a maioría dos gramáticos seguen o modelo, algúns declaradamente, que consagraron F. Diez e W. Meyer-Lübke, nas *Grammatik der Romanischen Sprachen*, de título homónimo. Nestas obras, séguese unha organización cuádrupartita, de acordo coas disciplinas lingüísticas máis consagradas: I. Fonoloxía, II. Flexión,

¹² Esta 6.^a edición póstuma corrixe os erros tipográficos da anterior, última revisada polo autor.

III. Formación de palabras e IV. Sintaxe, en Diez (1836-1844); e I. Fonoloxía, II. Morfoloxía (Flexión e Formación de palabras) e III. Sintaxe, segundo Meyer-Lübke (1890-1906).

Así, a gramática de Braga (1876), a pesar de non levar no título o binomio gramática histórica, no subtítulo fai referencia ao “methodo historico-comparativo” e trata a “Phonologia”, a “Morfologia” (en que se encontra a Formación de palabras) e a “Syntaxe”¹³. Braga segue unha estrutura análoga á de Diez, a quen cita en varias ocasións, de igual modo que Carl von Reinhardstoettner (1878).

Pacheco da Silva Jr. publica en 1878 unha gramática histórica e en 1887 sae á luz, en autoría con Lameira de Andrade, unha gramática de portugués, sen reflectir no título que é histórica. Seguindo a Caetano, decidimos incluír esta última polo feito de “não apresentar grandes diferenças quanto ao conteúdo, método e estrutura, quer relativamente à *Gramática Histórica da Língua Portuguesa* de Silva Jr. (1878), quer no que diz respeito às restantes” (Caetano 2003: 26), posto que se asenta na comparación mínima de dous períodos diacrónicos e está dividida en dous “livros”: o primeiro dedicado á Lexicoloxía, en que se encontra a Morfoloxía, e no seu interior a Formación de palabras; o segundo, á Sintaxe.

Na *Grammatica Historica* de Pereira encontramos un estudo amplo, profundo e rigoroso das diversas disciplinas lingüísticas baixo un prisma histórico. Organizada á volta de catro grandes bloques, a Fonética, a Morfoloxía (restrita á flexión), a Etimoloxía (que abarca desde a constitución do léxico portugués, en que se trata a derivación e composición, até a Semántica) e a Sintaxe (sen dúbida, a parte máis traballada), esta obra caracterízase pola adopción dunha terminoloxía coidada e dun tratamento completo das disciplinas habituais.

O brasileiro Othoniel Mota, seguidor de Vasconcelos e de Pereira, publica, por vez primeira en 1916, baixo o título *O Meu Idioma*, unha obra que tamén se pode catalogar como gramática histórica, combinando o aspecto histórico co didáctico-expositivo. Organizada en *lições*, que é como titula os capítulos, trata a Fonoloxía, a Morfoloxía (ligada á Etimoloxía e á Flexión) e a Formación de palabras, nun apartado independente, sempre cunha perspectiva diacrónica.

13 Para unha descrición máis pormenorizada da análise e estrutura de diversas gramáticas históricas, véxase Caetano (2003: 19-82).

A *Gramática Histórica e Comparativa da Língua Portuguesa*, de Hermínio Sarmiento (1917), cumpre cos requirimentos necesarios para formar parte do corpus histórico-gramatical. Por un lado, a obra fócuse desde un punto de vista histórico, en que se comparan diversos estados evolutivos das palabras e, en xeral, da lingua. Por outro, Sarmiento distribúe a obra en tres partes basilares, Fonoloxía, Morfoloxía e Sintaxe, ás que hai que agregar unha cuarta, a “Sematología”.

Nunes converteu o *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa* (1930) nun clásico nos estudos gramaticais diacrónicos. Nesta ocasión, o autor articula o volume á volta de dous grandes eixos, a “Fonética ou estudo dos sons” e a “Mofologia ou estudo das formas”.

O cuarto volume de *O Idioma Nacional* de Nascentes (1929) formúlase como unha gramática histórica, fronte aos volumes anteriores de cariz “expositivo”, conforme o autor. Este cuarto libro estrutúrao en tres partes cunha óptica diacrónica: a Fonética (leis fonéticas, formas converxentes e diverxentes...), a Morfoloxía (que só atende á flexión), e a Sintaxe (rexencias e construcións, períodos en que se divide a lingua portuguesa, pragmática histórica –primeiro e único gramático que a trata).

Brant Horta, en *Noções de Gramática Histórica da Língua Nacional* (s.d.), ordena o libro en vinte e seis *lições*, que como en Mota (1916) equivalen a seccións, pronunciándose máis na Fonética e na Morfoloxía flexional.

Coa *Gramática Histórica da Língua Portuguesa* de Manuel Said Ali (1964) recuperamos a estrutura cuadrimembre de Fonética e Flexión (denominados polo autor como “Estudo dos sons” e “Lexeologia”), na primeira parte, e Formación de palabras e Sintaxe do Portugués Histórico, na segunda. Constitúe unha das gramáticas máis completas e rigorosas, xa que atende todas as disciplinas lingüísticas tradicionais, aínda que nalgúns aspectos sexa moi xeral.

En 1933, Joseph Huber publica en alemán unha gramática histórica de portugués, traducida para esta lingua en 1986, a pesar de deter a súa confrontación histórica no período antigo da lingua portuguesa. Nesta *Gramática do Português Antigo*, Huber realiza a mesma división que Diez: Fonética, Morfoloxía (limitada á flexión), Formación de palabras e Sintaxe, ás cales engade un compendio final de “Textos”.

Francisco Júlio Martins Sequeira publica no mesmo ano, 1938, dúas gramáticas de portugués, unha titulada *Gramática Histórica da Língua Portuguesa* e outra simplemente *Gramática de Português*. A pesar de que só a primeira manifesta o viso de historicidade no título, debemos incluír as dúas, dado que a estrutura, visión e contido son os mesmos. Estas dúas gramáticas diferéncianse do resto na concepción da Morfoloxía, que ocupa o bloque central, ao incluír o Léxico dentro desta, de maneira que se engloba por tanto flexión, derivación e composición. A Fonética sitúase antes deste capítulo (que en 1938a ocupa un espazo maior), coa referencia a leis fonéticas, evolucións de vogais e consoantes etc., encanto a Sintaxe (en 1938b máis ampliada) comparece no último lugar, en que trata cuestións de concordancia e funcións sintácticas das diferentes categorías gramaticais.

Pontos de Gramática Histórica de Ismael de Lima Coutinho (1973), aínda que non ten unha estrutura tan marcada como outras gramáticas, nordea cara a dous eixos, a Fonética descritiva e histórica (leis fonéticas e analogías), e a Morfoloxía flexional. Porén, tamén hai espazo para a Formación de palabras, nun capítulo situado entre ambas as disciplinas. Alén disto, no inicio do libro, logo dunha reflexión sobre a gramática histórica, sobre a lingua etc., repara en varios conceptos como os conceptos de latín vulgar e latín clásico, unha breve historia da lingua e apuntamentos de ortografía, entre outros. Por outra parte, a gramática fica orfa da Sintaxe, omitida porque, conforme o autor, non aparece nos programas de estudo.

A gramática histórica portuguesa máis próxima no tempo é a de Joaquim Mattoso Câmara (1975), *História e Estrutura da Língua Portuguesa*, que dimana, como se desprende do título, un enfoque histórico estruturalista revelador “dos avanços alcançados pela Lingüística, desde a sua constituição enquanto ciência até à publicação deste trabalho” (Caetano 2003: 76). A obra de Câmara aparece fragmentada en dez capítulos, sen contar a Introducción, entre os cales dedica un á Fonoloxía, seis á Morfoloxía flexiva, dous ao Léxico (o segundo dedicado á creación de palabras) e o último á Sintaxe.

Alén destas, un grupo de gramáticas históricas caracterízase polo feito de non trataren a Formación de palabras, como a de Cornu (1906), Nascentes (1929) e Williams (1961). O outro grupo de gramáticas destacan polo feito de non incluíren a prefixación. Entre estas últimas temos a peculiar (canto a título

e datación) *Gramática Histórica da Língua Nacional*, do brasileiro Brant Horta (s.d.), que disemina breves notas sobre a formación de palabras ao longo do libro; xunto cos *Elementos de Gramática Histórica* de Jaime de Sousa Martins (1937), unha das gramáticas históricas máis fracas canto a información fornecida, que tamén ten dispersa a derivación e a composición.

Na órbita galega, o corpus está formado por dúas gramáticas que distan grandemente unha da outra, tanto polo espazo temporal como pola metodoloxía, estrutura e contidos encarados.

O soriano Vicente García de Diego en 1909 converteuse no primeiro autor en elaborar unha gramática histórica para o galego, xustamente na época en que as gramáticas portuguesas, como puidemos enxergar, estaban en pleno apoxeo. O filólogo español redactou na súa lingua natal os *Elementos de gramática histórica gallega*, que aparece subtitulada “Fonética y Morfología”, os dous núcleos en que se divide o libro.

Pola súa parte, Manuel Ferreiro elabora a *Gramática histórica galega* (I: 1995; II: 1999), coñecendo a tradición gramatical e os estudos lingüísticos máis actuais, de maneira que se converte nunha das gramáticas históricas máis completas e exhaustivas de todo o corpus, superando en moitos aspectos (terminolóxicos, de contido etc.) as obras restantes. O autor escinde a obra en dous volumes, o primeiro dedicado á Fonética e Morfosintaxe históricas e o segundo á Lexicoloxía. A este respecto, cómpre salientarmos o feito de introducir o termo Morfosintaxe, en que trata os aspectos flexivos, acompañados de notas sintácticas, das palabras, polo que non contempla a Formación de palabras na Morfoloxía, senón no Léxico.

Fóra deste inventario de gramáticas históricas, existen outras obras que non incorporamos por estaren incompletas ou careceren dunha estrutura determinada. Porén, non significa que estes “conatos” histórico-gramaticais non sexan dunha grande calidade ou non constitúan unha enorme e riquísima fonte de información.

Nesta exosfera encontramos, por un lado, as gramáticas “unidisciplinares” (Malkiel 1968: 83) e, por outro, as monografías. Entre as primeiras, encontramos, p.ex., a de A. Coelho (1868), e a de R. Nogueira (1932), mencionadas por Martins

(1996: 56-57), que restrinxen a Gramática á Fonoloxía e Fonética históricas, respectivamente.

No que se refire ás monografías, destacaremos especialmente as *Lições de Filologia Portuguesa* (1959) de J. Leite de Vasconcelos e as homónimas *Lições* (1956) de C. Michaëlis de Vasconcelos, apreciadas por Cactano como gramáticas históricas (2003: 28-29). Porén, independentemente de estaren estruturadas en *lições*, pois outras gramáticas tamén o están, o feito de non teren a finalidade e consistencia estrutural propias dunha gramática, senón tenderen á dispersión, así como por estaren definidas polos propios autores como unha compilación de leccións, lévannos a que as recusemos do corpus de gramáticas históricas.

3. A prefixación e a formación de palabras nas gramáticas históricas

Voltándonos á ínclita filóloga Carolina Michaëlis de Vasconcelos, a alemá xa advertía nas súas *Lições de Filologia Portuguesa* que:

A história da sufixação, prefixação e composição portuguesa está por escrever. Há, isso sim, em cada gramática portuguesa destinada ao ensino secundário oficial, um capítulo sobre derivações e composição, com listas dos sufixos e prefixos que servem actualmente para a formação de substantivos, adjectivos e verbos, ordenados ora alfabeticamente, ora segundo as funções que eles exercem. Mas os fins práticos e restritos dessas obras não admitem que a matéria seja tratada exhaustivamente, nem mesmo com certa extensão e intensidade. (Vasconcelos 1956: 45).

O certo é que, case un século despois das súas “prelecções” de 1911/12 e 1912/13, os estudos sobre a morfoloxía derivacional ou sobre a formación de palabras, nomeadamente a nivel diacrónico, mais non só, son menos abundantes que outras disciplinas lingüísticas. Alén disto, inclusive nas publicacións recentes a formación de palabras non ten lugar “fixo” na Gramática, unhas veces aparece como un capítulo á parte, outras veces baixo a Lexicoloxía, e outras dentro da Morfoloxía.

Centrándonos agora no corpus de gramáticas históricas, a prefixación, así como a Formación de palabras, non aparece referida en todas as gramáticas históricas, como salientamos, de maneira que o corpus xeral ímolo reducir a 17 obras, portuguesas e galegas, preterindo aquelas en que o proceso prefixal estiver ausente.

A seguir, imos debruzarnos nas diversas gramáticas históricas que se encontran baixo este paraugas nominal en que aparece a prefixación, coa finalidade de analizarmos a súa identidade gramatical. Así, imos observar que, igual que na estrutura e principios teóricos adoptados, na prefixación seguen ben a concepción diezana de incluír a prefixación na composición, ben a postura de Meyer-Lübke de a tratar fóra os dous procesos, aínda que máis relacionada coa derivación.

A Formación de palabras vén dispersa en varios puntos da “Parte II. Morfología” (1876: 19-127) da *Grammatica Portugueza Elementar* de Teophilo Braga. Así, derivación e composición insírense na formación dos substantivos, dos adxectivos e dos verbos. Pola súa banda, a prefixación aparece referida como un tipo de composición, en que un prefixo, cualificado como “palavra”, se antepón ao radical, alterando o significado da base. Fronte a este, o sufixo descríbese como unha terminación, que lle dá “sentido novo ou extensivo” ao termo base (1876: 31). Aínda que Braga non fai un tratamento profundo dos prefixos, posto que se cinxe a expor cales son os máis usuais, proporcionando exemplos (*ante-, ben-, contra-, dis-, des-, in-, mal, não-, re-...*), chama a atención que xa inclúe os adverbios *ben-* e *mal-* nos prefixos, como antes fixeran Diez e Meyer-Lübke.

Seguindo coa orde cronolóxica, a gramática de Carl von Reinhardstoettner (1878) consta por vez primeira dun capítulo dedicado á Formación de palabras (“*Wortbildung*”), en que insire derivación e composición, que ocupa 45 páxinas, unha oitava parte da gramática. Dos catro libros en que se fracciona a obra, a formación de palabras pertence, de maneira insólita, á terceira parte do libro primeiro, “Zur portugiesischen Lautlehre” (Fonética/Fonoloxía portuguesa), que antecede á flexión. Dentro da Formación de palabras, o alemán estuda a derivación, tanto nominal como verbal, e a composición, proceso de que forma parte a prefixación, denominada composición con “partículas” (1978: 151), aludindo aos prefixos (*ab-, circum-, dis-, intro-, re- sub-...*). Após este tipo de

composición, trata os compostos de adverbios nominais e adverbios numerais, de modo idéntico a Diez, como *bene-*, *male-*, *arqui-*, *vice-*...

Na *Grammatica Historica da Lingua Portugueza* de Pacheco da Silva Jr. (1878), derivación e composición aparecen en diversos puntos: nos neoloxismos, ao tratar os elementos “grego”, “latino” e “francez”, e nalgúns outros capítulos de forma moi residual. Non obstante, á prefixación grega, asociada ao vocabulario científico, destínalle un apartado especial, limitado a unha listaxe de prefixos gregos, enumerados dentro do “Elemento grego” (1878: 108-109). Neste catálogo verificamos unha mestura de prefixos gregos (*ana-*, *anti-*, *dia-*...) con “temas”, que actualmente se adscriben á neocomposición (*chrono-*, *ortho-*, *thermo-*...).

Nove anos máis tarde da publicación da súa gramática histórica, Pacheco da Silva Jr., xunto con Lameira de Andrade (1887), dá ao prelo a *Grammatica da Lingua Portugueza*, en que xa aparece un apartado específico sobre a Formación de palabras, precisamente titulado así. Aquí profundan bastante sobre derivación e composición, tratados no capítulo IV da Morfoloxía (Parte III), disciplina que aparece inserida no “Livro I. Lexicología”. Novamente, a prefixación volta a estar incrustada dentro da composición, pois a palabra composta “forma-se de dous ou mais termos, dos quaes só um experimenta a idéa principal, que é determinada ou precisada pelos outros” (1913: 294). É interesante observar, pois, a designación de “termo” que se lle adxudica neste apartado tanto aos prefixos como aos substantivos e adxectivos. Porén, máis adiante, os autores empregan a palabra “partícula” para se referiren aos prefixos, que teñen orixe adverbial ou preposicional. Entre estes, mencionan *bem-*, *bis-*, *in-*, *mal-*, *semi-*... algúns considerados hoxe compostos.

Silva e Andrade son os primeiros en distribuír os prefixos en “separábeis” e “inseparábeis”, de acordo con Diez, segundo teñan vida propia ou existan só como elementos de composición (1913: 297). Así mesmo, separan en prefixos portugueses e latinos, conforme a orixe, e os gregos (*an-*, *dia-*) incorpóranos na composición propiamente dita, xunto coas bases gregas (*anthropo-*, *gastro-*).

En 1900, Ribeiro de Vasconcelos, na súa *Grammática Histórica da Língua Portuguêsa*, inscribe tamén a prefixación dentro da composición perfecta, que pode ser tanto por adición de prefixos como propiamente dita. Este proceso, xunto coa derivación, aparece estudado nunha subparte da Morfoloxía, a “Thèmalogia”, ou estudo dos temas, sendo o primeiro autor do noso corpus en denominalo así.

O estatus do prefixo é definido por Vasconcelos como “palavra” (1900: 134), que novamente se caracteriza por proceder dun adverbio ou dunha preposición. Dentro da composición popular, clasifica os prefixos adverbiais e preposicionais en “separábeis” (*bem-*, *mal-* e *sobre-*, *entre-*, adverbios e prefixos respectivamente) e “inseparábeis” (*bis-*, *en-* e *es-*, *des-*, en correspondencia), é dicir, se aparecen illadamente como palabras fóra da composición.

A composición erudita, pola súa parte, diferénciase da popular en que se forma “segundo as leis de composição da língua donde nos vñem [sic] os respectivos elementos, quer seja a latina quer a grega” (1900: 139), alén de que na erudita interveñen “*themas de palabras*”. Dentro da composición latina, temos a formada por prefixos, os cales reaparecen “com a sua fôrma latina, ou com fôrma aproximada, certas partículas que, ou não existem no português vulgar, ou estão bastante modificadas” (1900: 140-141), como *bene-/ben-*, *bis-*, *inter-/intra-*, *male-/mal-*, *ob-*, *per-*, *satis-*, *supra-*... Pola súa parte, na composición erudita grega por prefixos destaca *a-*, *amphi-*, *anti-*, *dia-/di-*, *endo-*, *hyper-*, *pro-*, *proto-*, *tele-* etc.

Desde a saída á luz en 1916, en menos de dez anos, a *Grammatica Historica* de Pereira convértese na máis reeditada (xunto coa de Nunes), con nove edicións, a última de 1935. Igual que Vasconcelos, Pereira circunscribe a derivación e composición á “*Thematologia*”, mais esta non aparece asociada á Morfoloxía, senón á “*Constituição do léxico português*”, unha subparte da Etimoloxía.

Para o autor, os dous procedementos de Formación de palabras difiren na capacidade de modificar ou de se fusionar nun novo concepto, pois, se a derivación é “o processo pelo qual de um *thema commum* se fôrma uma serie de vocabulos pela adjunção de certas *syllabas finaes*, denominadas *suffixos*” (1935: 202), a composición é “o processo pelo qual se formam palavras novas pela união de dois ou mais elementos, que se fundem na representação de uma imagem unica” (1935: 219). Nesta última insírese a composición por xustaposición, por aglutinación e por prefixos, os últimos definidos como partículas adverbiais (adverbios e preposicións) que se antepoñen ao tema, determinándoo e “ajunctando-lhe uma idéa accesoria ou modificadora” (1935: 222). Alén de partículas, os prefixos tamén son definidos como un tipo de “*affixos*”, sendo a primeira gramática histórica portuguesa en usar esta nomenclatura, que preceden á raíz (1935: 123-124). Sen dúbida, Pereira é o gramático que máis profunda

sobre os diversos tipos de prefixos, quer clasificándoos canto ao significado (expletivo/inexpletivo), canto ao uso (separábel/inseparábel) ou canto á orixe (latina/grega), quer detallando as ideas que conteñen os prefixos (separación, proximidade, movemento para fóra/diante, posición anterior/superior, bo/mal éxito etc.).

Encaixada na “Lição XIV”, a “Formação de Palavras” conforma o capítulo derradeiro de *O Meu Idioma* de Othoniel Mota (1937), obra editada até oito veces desde 1916. Nesta *lição* a formación por medio de prefixos “denomina-se – *composição*” e consiste en xuntar “partículas” a verbos ou a substantivos para crear outros verbos e substantivos (*perfazer, contraprova*). Unha vez definidos os modos por que as palabras se forman (mudanza de categoría, sufixación, prefixación e xustaposición), Mota confecciona un estudo dos sufixos e prefixos portugueses, nos cales chama a atención a mestura de prefixos “proprios” (*a-, ante-, con-, de-, re-...*), xunto con outros máis controvertidos (*bem-, centum-, contra-, multi-, omni-...*).

Sarmiento (1917), na súa *Gramática* histórico-comparativa, reserva un apartado, dentro do capítulo de Morfoloxía, á Formación de palabras, que pode facerse mediante derivación (progresiva, co acrecentamento de sufixos, ou regresiva) ou a través da composición (“consecuência de combinações ou justaposições [...], ou da lei da *afixação*, cujas causas a produzi-la são a *prefixação* e a *sufixação*”, Sarmiento 1917: 146). Como se pode observar, o autor considera que a composición por afixación é resultado tanto de prefixos como de sufixos, sendo o primeiro autor que engloba os sufixos na composición. Porén, cando analiza os tipos de composición, só se limita a describir a prefixación, distinguindo entre os prefixos de orixe “latino-portuguesa” (1917: 160-162), a través de *a-, ambi-, bem-, contra-, in-, menos-, re-* etc., e os “prefixos greco-portugueses” (1917: 162-163), como *anfi-, anemo-, biblio-, hiper-, neo-, osteo-, zoo-...*

Seguindo coa vaga de gramáticas históricas máis reeditadas (até nove veces), e unha das máis coñecidas, o *Compêndio de Gramática Histórica*, de José Joaquim Nunes (1930), no capítulo V do bloque de Morfoloxía, trata a Formación de palabras, que pode ser de tipo popular ou literaria. Na formación popular, trata a derivación e a composición; nesta última, que pode facerse por xustaposición, por eclipse ou por prefixación, reúnense “duas ou mais palabras que, tendo tido antes vida própria e independente e possuido cada una delas

uma significación especial, vieram por fim a fundir-se por forma tal que dessa fusão resultou uma única” (1930: 404). Deste fragmento, pode inferirse que un prefixo é unha palabra, mais cando trata propiamente a prefixación indica que é un “proceso em extremo activo e fecundo, que consisten em antepor ao radical ou tema uma partícula, chamada por isso *prefixo*, a qual serve de modificar a ideia expressa pelo elemento primitivo” (1930: 407-408). De igual modo que moitos gramáticos anteriores, Nunes divide os prefixos en “separáveis” e “inseparáveis”, conforme a súa autonomía, e tamén indica a súa procedencia preposicional ou adverbial (*a-*, *ante-*, *com-*, *es-*, *em-len-*, *mal-*, *menos-*, *per-*, *pre-*, *re-*, *sobre-*...).

No que respecta á formación literaria, a prefixación maniféstase na composición latina con partículas (*ab-*, *bis-/bi-*, *circum-*, *extra-*, *intro-*, *ultra-*...), e na composición de procedencia grega con partículas que “fazem as vezes de prefixos” (1930: 420) (*anfi-*, *ana-*, *apo-*, *arqui-*, *dis-*, *epi-*, *eu-*, *hipo-*, *meta-*, *peri-* etc.).

Outra gramática moi (re)coñecida é a *Gramática Histórica* de Said Ali (1964), que constitúe un punto de inflexión entre as gramáticas históricas precedentes, xa que é a primeira en tratar case todos os procesos de derivación (sufixal, prefixal, parasintética e regresiva) e composición, a pesar de reservar para a Formación de palabras un número de páxinas discreto, só 25. Ali tamén é pioneiro en incluír nunha gramática histórica do portugués a prefixación na derivación, aínda que admite que non está “bem demarcada a fronteira entre a derivação prefixal e a composição” (1964: 229). Para o gramático brasileiro, os prefixos tamén se orixinan de adverbios e preposicións, de maneira que son palabras independentes; porén, ao non seren todos os prefixos vocábulos autónomos (*dis-*, *in-*, *re-*...), constitúen elementos derivativos. Alén destas consideracións previas, no apartado “Derivação prefixal” (1964: 249-253) dedícase a analizar unha serie de prefixos concretos coas súas variantes (principalmente *con-*, *in-*, *des-*, *re-*, *sobre-*, *ante-*, *anti-*, *vice-*, *bis-*, *per-*, *entre-*, *trans-* etc.), reservando os adverbios *mal-* e *ben-* para a composición.

Como vimos na epígrafe anterior, Huber (1986) na súa *Gramática do Português Antigo* separa a Morfoloxía (flexiva) da Formación de palabras, á cal lle fornece un capítulo propio, mais moi sintético¹⁴ (1986: 271-278). Nesta

14 Caetano intúe que talvez esta descrición tan resumida sexa debida a que Huber considerou que “nesta fase do portugués tais processos seriam escassamente utilizados” (2003: 70).

última disciplina, Huber distingue entre formación nominal, verbal e adverbial. Así, a prefixación aparece tanto na formación nominal como na verbal, asociada á derivación (“Derivação por meio de prefixos”), mais unicamente se cinxe a indicar a frecuente alternancia de prefixos (*enx-/eix-, es-/as-*), habitual na primeira fase da lingua.

Sequeira é o autor de dúas gramáticas, que consideramos históricas, publicadas no mesmo ano. Xa foi apuntado no capítulo precedente que ambas presentan practicamente a mesma estrutura e inclúen a Formación de palabras na renovación do léxico, dentro da Morfoloxía; porén, o estudo desta é moito máis amplo e completo no segundo libro. Nas dúas obras, o gramático inclúe a prefixación como unha clase de composición, mais en Sequeira (1838a) concede tan só unhas liñas á “composição por prefixos”, caracterizada pola súa colocación anteposta á base e por seren partículas sen “significação autónoma”, sexan separábeis ou inseparábeis. Esta case inexistencia de datos e dunha listaxe de prefixos xustifícaa o autor en que isto debe facerse na gramática descritiva. Así, en Sequeira (1938b) afonda o estudo da “prefixação”, achegando listaxes de prefixos latinos e gregos (*ab-, ambi-, bem-, contra-, de-, entre-, in-, mal-*; *ana-, archi-, epi-, meta-...*) e as ideas que imprimen ao vocábulo a que se xuntan (separación, unión, depreciación...), igual que Pereira (1916).

Lima Coutinho (1973) en *Pontos de Gramática Histórica*, obra que tamén foi obxecto de múltiples edicións (a sétima e última de 1976), inclúe a Formación de palabras baixo o apartado “Constituição do léxico português”, que como vemos comparte designación con Pereira (1935), mais non só neste aspecto mostra concomitancias, como imos salientar inmediatamente. Igual que o seu colega brasileiro, previo aos dous grandes procedementos de creación vocabular, caracteriza a estrutura das palabras (raíz, radical e afixos), para logo discriminar entre derivación, na cal introduce a sufixación, e composición, á cal asocia a prefixación. Así, esta última é un tipo de composición, xunto coa xustaposición e a aglutinación, como acontece en moitos gramáticos anteriores. Este apartado, complétase coa mesma clasificación de prefixos que establecía Pereira (1935), seguidos dunha serie de prefixos latinos e gregos, unicamente achegando exemplos.

Será Câmara (1975) quen, na *História e Estrutura da Língua Portuguesa*, dea un novo sopro á gramática histórica portuguesa, tendo en conta a tradición

gramatical que arrincara cen anos atrás e acompañado do soporte estrutural. Incluídos no segundo capítulo que dedica ao Léxico, Cámara estuda os diversos procesos de derivación e composición, inserindo a prefixación nesta última. As razóns que aduce volven de novo a estar ligadas á existencia como palabras independentes (adverbios ou “preverbos” e preposicións), mais, dado que algúns prefixos nunca comparecen illados, o autor salva este inconveniente ao asentar o sistema prefixal en “três grupos de partículas: A) as que tamén funcionan como preposicións; B) as que são variantes (em forma erudita) de preposicións; C) as que são exclusivamente prefixos” (1975: 230). Algúns destes son *con-*, *menos-*; *in-*, *sub-*; e *des-*, *justa-* respectivamente, excluindo as partículas adverbiais *ben-* e *mal-*.

No espazo galego, a primeira gramática histórica é a de García de Diego, mais nela non se trata propiamente a Formación de palabras, senón que se limita a describir e enumerar con exemplos os prefixos e os sufixos. Os primeiros aparecen unicamente delimitados como “preposiciones y adverbios que preceden á raíz para modificar su significado” e que na súa maior parte son separábeis, “conservándose por tanto [...] la conciencia de su significado” (1909: 181), de maneira que supomos que os integraría dentro da composición.

Haberá que agardar até 1997 para que saia ao lume a *Gramática histórica galega*, da autoría de Manuel Ferreiro, que, como avanzamos, destina o segundo volume á Lexicoloxía, en que alén da constitución do léxico, dos cambios semánticos históricos e do acrecentamento lexical pola vía dos préstamos, elabora o estudo máis amplo e exhaustivo de todo o corpus histórico-gramatical sobre a Formación de palabras, pois analiza os diversos valores, formas e funcións dos diversos mecanismos de derivación e composición. O estatuto que atribúe á prefixación é o derivativo, pois cualifica os prefixos, tamén os sufixos, como morfemas derivativos, “aínda que algúns prefixos poidan ter existencia independentemente na lingua en canto coinciden con preposicións e adverbios” (2001: 67), aludindo a Cámara.

4. Cabo

Unha vez analizadas as diversas gramáticas históricas, tanto do portugués como do galego, observamos que os diversos procesos de Formación de palabras dedican unha atención breve, ás veces marxinal, con certas excepcións.

Ao longo destas páxinas puidemos comprobar que as gramáticas históricas, unha vez delimitadas e analizadas, manifestan unha tendencia oposta entre incluír a prefixación ben na derivación, ben na composición, flutuación talvez debida a unha fraca definición deste último procedemento.

O estatuto gramatical outorgado á prefixación correspóndese, maioritariamente, co de tipo de composición, prolongando a estela diezana, en Braga, Reinhardstoettner, Silva Jr. e Andrade, Ribeiro de Vasconcelos, Pereira, Mota, Sarmento, Nunes, Sequeira, Lima Coutinho e Câmara. Fronte a esta concepción, un número reducido de filólogos, cal Ali, Huber e Ferreiro, identifica a prefixación como un procedemento derivativo, máis próximos de Meyer-Lübke.

Por outra parte, a prefixación aparece englobada nomeadamente na "Formación de palabras", como en Reinhardstoettner, Silva Jr. e Andrade, Mota, Sarmento, Nunes, Ali, Huber, Lima Coutinho e Ferreiro; porén, outros autores insiren este proceso baixo o título "Tematoloxía", entre os cales temos a Vasconcelos e Pereira. Nun nivel superior, a disciplina lingüística en que se trata a Formación de palabras tampouco é unánime: alterna entre a Morfoloxía, o Léxico ou o separatismo.

Alén disto, a identidade gramatical do prefixo tamén sofre unha indeterminación, pois desde a súa consideración xeral como partícula (Reinhardstoettner, Mota, Nunes, Sequeira, Câmara), chegamos á catalogación como palabra (Braga, Ribeiro de Vasconcelos), termo (Silva Jr. e Andrade), afixo (Pereira, Coutinho) e/ou morfema derivativo (Ferreiro). Dentro desta indefinición, hai que acrecentar a consideración prefixal que se lles concede ás palabras *ben-* e *mal-*, hoxe en día instaladas na composición. Non obstante, é coincidente a orixe adverbial e preposicional, unido á separabilidade ou inseparabilidade.

En síntese, como puidemos observar nas gramáticas históricas reflíctese perfectamente a problemática gramatical da prefixación, debate que chega, máis

esvaecido, até os nosos días, aínda que hoxe é practicamente unánime a adscrición da prefixación á derivación, coa excepción das bases latinas e gregas.

En *summa*, e xa para finalizar, con base nos datos, realmente non hai unha gramática que estude en profundidade todos os procesos de Formación de palabras de modo diacrónico e exhaustivo. Do mesmo xeito, tampouco semella que “*uma NOVA gramática histórica esteja, por enquanto, no horizonte*”, como indica Martins (1996: 66), seguindo a Malkiel; nin para o portugués nin para o galego.



Referencias Bibliográficas

- ALI, M. Said (1964³) [1931]: *Gramática Histórica da Língua Portuguesa* (São Paulo: Edições Melhoramentos).
- BRAGA, T. (1876): *Grammatica Portugueza Elementar* (Porto: Livraria Portuguesa e Estrangeira).
- CAETANO, M. C. (2003): *A Formação de Palavras em Gramáticas Históricas do Português. Análise de Algumas Correlações Sufixais*. Tese de Doutoramento inédita (Lisboa: Universidade Nova de Lisboa).
- CÂMARA, J. Mattoso (1975): *História e Estrutura da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Padrão / Prolivro).
- COELHO, A. (1868): *A Língua Portuguesa. Phonologia, Etymologia, Morphologia e Syntaxe* (Coimbra: Imprensa da Universidade).
- CORNU, J. (1906²) [1884]: *Grammatik der Portugiesischen Sprache* (Strassburg: Karl J. Trübner).
- COUTINHO, I. de Lima (1973⁶) [1938]: *Pontos de Gramática Histórica* (Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica).
- DIEZ, F. (1836-1844): *Grammaire des langues romanes*. 3 vols. (Paris: Librairie A. Franck).

- FERREIRO, M. (I: 1999⁴; II: 2001²) [I: 1995; II: 1997]: *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe; II. Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- GARCÍA DE DIEGO, V. (1984) [1909]: *Elementos de gramática histórica gallega. Fonética-Morfología*. Edición facsimilar. Anexo 23 de *Verba*.
- HORTA, B. (s.d.³) [1930?]: *Noções de Gramática Histórica da Língua Nacional* (Rio de Janeiro: J. R. de Oliveira & C^{ia}).
- HUBER, J. (1986) [1933]: *Gramática do Português Antigo* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).
- MALKIEL, Y. (1968) [1960]: "A Tentative Typology of Romance Historical Grammars", en *Essays on Linguistic Thems*: 71-164 (Oxford: Basil Blackwell).
- MARTINS, A. M. (1996): "Gramáticas Históricas do Português", en Duarte, I. / Miguel, M. (org.): *Actas do XI Encontro da Associação Portuguesa de Linguística. Lisboa 1995. Vol. III. Gramática e vária*: 53-71 (Lisboa: APL).
- MARTINS, J. de Sousa (1937²) [s.d.]: *Elementos de Gramática Histórica* (São Paulo: Companhia Editora Nacional).
- MEYER-LÜBKE, W. (1890-1906): *Grammaire des langues romanes*. I. *Phonétique*; II. *Morphologie*; III. *Syntaxe*; IV. *Tables générales* (Paris: H. Welter Éditeur).
- MOTA, O. (1937⁸) [1916]: *O Meu Idioma* (São Paulo: Companhia Editora Nacional).
- NASCENTES, A. (1929): *O Idioma Nacional*. Vol. IV (Rio de Janeiro: Livraria Machado).
- NOGUEIRA, R. de Sá (1932): *Curso de Filologia Portuguesa. I Parte: Noções Gerais e Fonética Histórica* (Lisboa: Ed. de José Fernandes Jr.).
- NUNES, J. J. (1930²) [1919]: *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa. Fonética e Morfologia* (Lisboa: Livraria Clássica Editora).
- OESTERREICHER, W. (2007): "Gramática histórica, tradiciones discursivas y variedades lingüísticas –esbozo programático", *Revista de Historia de la Lengua Española* 2: 109-128.

- PEREIRA, E. C. (1935⁹) [1916]: *Grammatica Historica* (São Paulo: Companhia Editora).
- REINHARDSTOETTNER, C. von (1878): *Grammatik der Portugiesischen Sprache* (Strassburg: Karl J. Trübner).
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2005): “Trazos xerais da tradición gramatical galega”, *Revista Galega de Filoloxía* 6: 93-121.
- SARMENTO, H. (1917): *Gramática Histórica e Comparativa da Língua Portuguesa* (Póvoa do Varzim: Livraria Povoense-Editora).
- SEQUEIRA, F. J. Martins (1959³) [1938a]: *Gramática Histórica da Língua Portuguesa* (Lisboa: Livraria Popular).
- SEQUEIRA, F. J. Martins (1938b): *Gramática de Português* (Lisboa: Livraria Popular).
- SILVA Jr., M. Pacheco da (1978): *Grammatica Historica da Lingua Portugeza* (Rio de Janeiro: Typ. A Vapor de D. M. Hazlett).
- SILVA Jr., [M.] Pacheco da / Andrade, Lameira de (1913⁴) [1887]: *Grammatica da Lingua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Livraria Francisco Alves).
- VASCONCELOS, A. Garcia Ribeiro de (1900): *Grammática Histórica da Língua Portuguêsa* (Paris / Lisboa: Aillaud, Alves & C^{ia}; Rio de Janeiro / São Paulo / Belo Horizonte: Francisco Alves & C^{ia}).
- VASCONCELOS, J. Leite de (1959³) [1911]: *Lições de Filologia Portuguesa* (Rio de Janeiro: Livros de Portugal).
- VASCONCELOS, C. Michaëlis (1956²) [1946]: *Lições de Filologia Portuguesa – segundo as preleções feitas aos cursos de 1911-1912 e de 1912-1913 (Seguidas das Lições Práticas de Português Arcaico)* (Lisboa: Edição Nova da ‘Revista de Portugal’).
- WILLIAMS, E. B. (1961) [1938]: *Do Latim ao Português. Fonologia e Morfologia Históricas da Língua Portuguesa* (Brasília: Instituto Nacional do Livro).
- YLLERA, A. (1983): “Lingüística histórica”, en Abad, F. / García Berrio, A. (coord.): *Introducción a la lingüística*: 345-388 (Madrid: Alhambra).